



Benqueridas familias:

Comunicámosvos que o vindeiro **xoves, día 8 de febreiro** pola tarde, e se as condicións meteorolóxicas nolo permiten, celebrarase no patio do colexio a **Festa do Entroido** con desfile e concurso de disfraces.

Faremos un **desfile-concurso de disfraces** para todos os alumnos participantes desde **Educación Infantil ata 6º de Educación Primaria**.
No concurso participan os alumnos de Primaria.

A entrada dos alumnos ese día farase coma sempre, ás **15:00 horas**. Cada titor/a acollerá aos alumnos/as na aula ata a hora do **desfile**, que dará o seu comezo ás **15:15 horas**.

Os alumnos/as que fan uso do comedor escolar(infantil ata 2º primaria) poden ser recollidos despois das 14:00 horas ou ben poden ser vestidos no colexio se lles resulta máis doado. A partir de 3ª de primaria será as 14:30 h.

No suposto de que chova, suprimirase o desfile Nese caso, os alumnos serán atendidos polos titores nas aulas e disfrutando, aínda con choiva, dunha tarde lúdica; polo que poden vir igualmente disfrazados.

OUTRAS ACTIVIDADES

- **Festival de ESO venres 9 de 12:40 a 14:20** horas.
- **O venres día 9** habrá **pasarrúas de Educación Infantil e de 1º a 3º de Primaria**. Sairán Educación Infantil arredor das 11:30 e de 1º a 3º de primaria ás 13:00 h. O percorrido será polas rúas próximas ao colexio. Está pendente de confirmar segundo a **previsión meteorolóxica**. Animádevos a velos pasar!!
- **Degustación de produtos típicos** de entroido o **venres 9 de 4º, 5º e 6º de Primaria**.

As clases retomaranse o xoves 15 de febreiro.

Estades todos convidados a participar na festa, SE NON CHOVE!

ESPERÁMOSVOS!

Equipo Directivo e Claustro de Profesores.